

NOTA DE PRENSA

A Biblioteca-Centro de documentación do MARCO reanuda a actividade do Clube de Lectura #BiblioMARCO con tres novos grupos.

O xoves 1 de outubro abrírase o prazo de inscrición, gratuíta e con prazas limitadas a 9 participantes por grupo.

A Biblioteca-Centro de documentación continúa accesible na rede, e presencialmente só para persoal investigador, mediante cita previa.



A partir do mes de outubro, a Biblioteca-Centro de Documentación do MARCO reiniciará as actividades do seu **Clube de Lectura**, con tres novos grupos, e con prazas limitadas a 9 participantes por cada sesión, que terán lugar unha vez ao mes, cumprindo co protocolo anti-Covid e todas as normas de hixiene e seguridade.

O prazo de inscrición abrírase o xoves 1 de outubro, e a primeira sesión do Grupo 1 será o venres 23 de outubro, na xornada máis próxima ao **Día das Bibliotecas** (24 outubro).

O Clube **#BiblioMARCO** é unha actividade gratuíta, concibida como espazo de encontro e intercambio de experiencias para persoas interesadas nas artes en xeral. Os eixes argumentais das novelas están relacionados coa arte nas súas distintas manifestacións, e cada sesión está acompañada con material de apoio e catálogos que, alén da lectura en si, establecen relacións con obras e movementos artísticos, o que converte o clube **#BiblioMARCO** nunha experiencia diferente que axuda a afondar nos contidos da creación contemporánea.

+ INFO en <http://www.marcovigo.com/gl/content/clube-de-lectura-bibliomarco>

Reinicio sesións CLUBE DE LECTURA #BiblioMARCO

OUTUBRO 2020-XUÑO 2021

Aberta inscrición a partir do 1 de outubro

Lugar: Biblioteca–Centro de documentación do MARCO (1º andar)

Horario: de 19.00 a 20.30

Datas:

Grupo 1 = 3º venres de cada mes

1ª sesión GRUPO 1: **venres 23 de outubro** (véspera do Día das Bibliotecas)

Grupo 2 = 4º venres de cada mes

Grupo 3 = 4º mércores de cada mes

Máximo 9 participantes por grupo (reserva 20% para membros da AAM)

GRATUÍTO, previa inscrición a través do correo electrónico centro.documentacion@marcovigo.com.

[Máximo 1 solicitude de alta por cada correo electrónico recibido]



A Biblioteca-Centro de Documentación do MARCO, inaugurada en 2004 e sita no 1º andar do Museo, é un servizo totalmente gratuito que ten como obxectivo proporcionar información bibliográfica, hemerográfica e audiovisual sobre a arte do século XXI e outros aspectos relacionados coa cultura contemporánea.

O fondo bibliográfico ascende a 6.750 publicacións que abranguen áreas como teoría da arte, filosofía, historia, pedagogía, museoloxía, movementos artísticos ou coleccións. O corpo principal da Biblioteca son monografías, catálogos de artistas e catálogos colectivos, ademais dunha hemeroteca de revistas especializadas.

HORARIO: na actualidade, e ata novo aviso, a Biblioteca está aberta presencialmente só para investigadores, mediante cita previa e cumprindo todas as medidas de hixiene e seguridade.

Contacto Dpto. Comunicación e prensa

Marta Viana Tomé
Príncipe 54 - 36202 Vigo
Tel. +34 986 11 39 08 / 11 39 03 / 11 39 00
comunicacion@marcovigo.com
www.marcovigo.com